

Bloque VIII: Continuidade e transformacións económicas no século XIX.

27. A reforma agraria liberal: as desamortizacións.

28. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.

29. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).

27. A reforma agraria liberal: as desamortizacións.

Introducción: no século XIX tanto o réxime de propiedade da terra como as actividades agrarias transformáronse radicalmente.

A **reforma agraria liberal** forma parte do proceso de substitución do Antigo Réxime pola sociedade capitalista, que en España se produciu ó longo da primeira metade do século XIX. Para poder liquidar a sociedade estamental do Antigo Réxime e que triunfase a revolución burguesa era necesario transformar a propiedade da terra de acordo co concepto liberal da mesma, é dicir, que fose plena, libre e individual. Isto foi posible coa aplicación converxente de 3 medidas lexislativas: **a abolición dos señoríos, a desvinculación dos morgados e a desamortización** (que se completaron con outras medidas como a supresión das servidumes colectivas e do décimo eclesiástico, a liberdade de cultivos, o cerramento dos campos e a libre compravenda das terras). A desamortización foi a única destas 3 medidas que contribuíu á aparición dunha nova clase de propietarios membros da burguesía, que creceu e se enriqueceu en gran parte a consecuencia do proceso desamortizador e se configurou como unha **burguesía terratenente** que a mediados de século se fixo conservadora. A desamortización perseguía unha dobre finalidade:

- política, afianzamento do Estado liberal burgués, transformando o réxime xurídico da propiedade da terra.
- fiscal, recaudación de ingresos extraordinarios para a Facenda pública.

O feito de que os propietarios aparecidos da desamortización non fosen, polo xeral, os que cultivaban as terras, levou a considerar este proceso como unha das grandes **oportunidades perdidas para levar a cabo unha reforma da estrutura da propiedade da terra** que tería permitido diminuír as grandes desigualdades e fomentar unha maior expansión da produción agraria. A desamortización non cumpriu, xa que logo, as esperanzas dos que confiaron en realizar unha reforma agraria e **tampouco conduciu á industrialización de España.**

2. As desamortizacións

A medida máis importante desta *reforma agraria* foi a **desamortización** ou venda en pública poxa dos bens rústicos e urbanos pertencentes ás **mans mortas eclesiásticas** e dos **baldíos e terras de comúns e propios dos concellos.**

O **proceso** desamortizador foi **longo e discontinuo**, debido tanto á cantidade de bens afectados como a intermitente vixencia da lexislación desamortizadora (do liberalismo progresista), derogada nos períodos absolutistas e suspendida máis dunha vez nos períodos de liberalismo moderado.

2.1. Etapas.

2.1.1. Antecedentes preliberais.

- Foron os **ilustrados** quen iniciaron a análise e o estudo das medidas que se debían tomar para mellorar a agricultura e modificar o réxime de propiedade da terra. Entre esas medidas, sintetizadas por **Jovellanos** no seu Informe sobre a **Lei Agraria de 1795**, estaban a desvinculación dos morgados e a transformación das terras de mans mortas e comunais en propiedade particular. As súas propostas non se levaron á práctica.
- No entanto, en **1798**, as dificultades facendísticas provocadas polas constantes guerras contra Inglaterra propiciaron que o Goberno levase a cabo o **primeiro intento desamortizador** que se coñece como a **desamortización de Godoy**. A medida afectou a unha pequena cantidade de propiedades da Igrexa que recibiron unha porcentaxe do valor das terras vendidas.

2.1.2. Intentos fracasados da revolución liberal. As Cortes de Cádiz e o Trienio Liberal.

- Durante a revolución liberal as **Cortes de Cádiz** promulgaron en **1813** diversos **decretos de desamortización** polo que o Estado confiscaba e poñía en venda os bens dos afrancesados, das ordes militares, dos conventos suprimidos (os que tiñan menos de 12 monxes profesos) ou destruídos, xunto con parte do patrimonio da Coroa e dos baldíos e terras dos concellos. Tiña como finalidade **facer fronte ao custo da débeda provocada pola guerra contra os franceses**. Estas medidas tiveron escasa vixencia debido á rápida restauración do absolutismo en 1814.
- De novo no **Trienio Liberal (1820-23)**, os liberais volveron a recuperar as medidas desamortizadoras sacando á **venda os bens da Inquisición e dos conventos suprimidos**, pero quedaron de novo paralizadas en tras a nova restauración absolutista de Fernando VII.

2.1.3. Reinado de Sabela II.

Foi no **reinado de Sabela II**, xa definitivamente instalados os liberais no poder, cando **se realizou a transformación do réxime da propiedade entre 1835 e 1855**, destacando a actuación dos **progresistas Mendizábal, Espartero e Madoz**. Neste proceso diferéncianse as seguintes **fases**:

• **1835-1836**: No contexto da revolución liberal deses anos, o progresista **Mendizábal** acometeu a **desamortización eclesiástica** mediante dous decretos que afectaron, basicamente, ao **clero regular**. Polo Decreto de outubro 1835 quedaban suprimidos os mosteiros das ordes monacais, con excepción daqueles que prestasen servizos de auxilio social (coidado de enfermos, educación de pobres...). O Decreto de febreiro de 1836 declaraba en venda todos os bens raíces das institucións suprimidas.

Os **obxectivos** básicos de Mendizábal eran:

- **Reformar o réxime da propiedade**, convertendo en posesión individual e libre os bens inmobiliarios das comunidades relixiosas: o clero regular.
 - Obter **recursos** para cubrir os gastos do Estado provocados pola **guerra carlista**.
 - **Reducir a débeda pública** como paso previo para acometer unha profunda reforma do sistema tributario.
 - Conseguir amplo **apoio social á causa liberal**, á vez que se **debilitaba economicamente** ao maior inimigo do liberalismo: **a Igrexa**.
- **1841**: Durante a **rexencia** do liberal progresista **Espartero** completouse a **desamortización eclesiástica** de Mendizábal. Polo Decreto de setembro de 1841 foron declarados nacionais **os bens do clero secular** e postos en venda con finalidades facendísticas.
- A partir de 1844 os gobernos **moderados paralizaron o proceso** e alcanzaron un acordo co Vaticano -**Concordato de 1851**- polo que a **Igrexa aceptaba as vendas xa realizadas** a cambio de que **o Goberno español sostivese economicamente o clero**, e se considerase o **catolicismo** como a **relixión do Estado**.
- **1855**: Durante o breve período do **Bienio Progresista** foi aprobada a **Lei xeral de desamortización**, presentada polo ministro de Facenda **Pascual Madoz**. Iniciouse así a desamortización civil, pola que se puñan en venda os **bens do Estado e dos concellos**, e rematouse coa desamortización eclesiástica sacando a venda o que aínda quedaba das propiedades eclesiásticas. Foi a lei que produciu os **maiores cambios polo volume de terras** que se puxeron en venda, así como polas **importantes consecuencias** sociais, especialmente **negativas para os campesiños máis pobres**. Unha parte importante dos ingresos obtidos polo Estado foron destinados a financiar a construción do ferrocarril.

2.2. Efectos e balance das leis desamortizadoras

A desamortización **puxo en venda**, aproximadamente, **o 20 % do territorio español (o 50 % da terras cultivable)**, cun valor estimado en torno ao 30 % do valor total da propiedade inmoble. Os principais **compradores** foron xentes que dispoñían de recursos económicos: **nobreza terratenente, campesiños ricos e burguesía comercial e administrativa**. Con estas compras, ademais de **aumentar o seu patrimonio**, estes grupos incrementaron o seu **prestixio social**; en

moitos casos tamén fixeron **bos negocios**, grazas ao aumento dos prezos agrarios e inmobiliarios, ante as demandas crecentes da poboación.

2.2.1. Efectos:

- a) Sobre a **estrutura da propiedade**. Consolidou a preexistente, acentuando a concentración no Sur (latifundios) e a dispersión no Norte (minifundios).
 - **Norte**. Domina o **minifundio** con un campesinado que cultiva pequenas propiedades con arrendamentos de longa duración (foros en Galicia). A incapacidade de alimentar a unha poboación crecente explicará a emigración e aparición do agrarismo vinculado a loita pola redención dos foros.
 - **Sur**. Gran propiedade **latifundista** traballada por xornaleiros. Incremento das desigualdades de renda entre a minoría terratenente e maioría de xornaleiros e, como consecuencia da conflictividade social, con ocupacións e repartos de terras por parte dos xornaleiros entre os que, a partir de 1869, se difunden as ideas anarquistas e a súas propostas colectivizadoras da terra, favorecendo o estalido de novas sublevacións.
- b) Sobre a **producción e a produtividade**:
 - Ata o último cuarto de século o incremento da produción conseguiuase polo aumento da superficie cultivada (posta en cultivo de baldíos e comunais) a costa dos rendementos (ao ser terras marxinais de peor calidade) pero a estrutura produtiva da agricultura española apenas se modificou e mantívose centrada no cultivo de trigo, vide e oliveira (triloxía mediterránea) e leguminosas con sistemas de explotación atrasados (emprego do barbeito, gran cantidade de man de obra) e tecnoloxía rudimentaria (arado romano, falta de mecanización) o que motivaba unha moi baixa produtividade.
 - A finais do s. XIX, coincidindo coa crise agraria finisecular, comenará unha especialización de determinadas áreas en produtos destinados ao mercado internacional (aínda que o seu desenvolvemento producírase xa no século XX, tras a fin do proteccionismo establecido en 1891). Comenzarán a diferenciarse:
 - Áreas cunha **agricultura modernizada** e especializada para a venda e a exportación: Levante (cítricos e produción hortofrutícola en xeral), Cataluña e a Ríoxa (cavas e viño), Andalucía (aceite de oliva, viño). En Galicia e a cornixa cantábrica iniciase a orientación cara o gando vacún e a produción de leite.
 - Zonas **estancadas**: A Galicia interior dedicada a un policultivo de subsistencia / Castela e Aragón dependentes do monocultivo extensivo e pouco productivo do cereal (trigo).

2.2.2. No **balance global** da desamortización temos que:

- Como medida **política** foi un éxito: o réxime de propiedade da terra transformouse e consolidouse a propiedade privada e o réxime liberal.
- Desde o punto de vista **socio-económico**, as valoracións presentan matices. Hai uns analistas (seguindo a Francisco Tomás y Valiente) que lamentan que as medidas desamortizadoras servisen para incrementar os latifundios agrarios (pero sen investir na súa modernización), de modo que foi unha **ocasión perdida para conseguir que unha gran parte dos campesiños pobres e xornaleiros puidesen acceder á propiedade da terra**. Outros estudosos do tema (como Josep Fontana) non comparten esta idea, por canto cren que eses posibles compradores **non tiñan capacidade para mercalas** por falta de capitais.
- Tamén se culpa á desamortización **de ter contribuído ao atraso da industrialización pola desviación dos recursos financeiros cara á compra de terras**, en lugar de investilos nas actividades industriais.
- As **vítimas** foron a Igrexa, os municipios e os **campesiños pobres e xornaleiros**, que viron **empeorar as súas condicións de vida** coa perda dos beneficios da caridade eclesiástica e do aproveitamento das terras e pastos comunais, así como polo endurecemento dos contratos de

arrendamento e de traballo. Producíronse tamén cuantiosas **perdas no patrimonio artístico e cultural da Igrexa**, debido á exclaustación e ao abandono de conventos e mosteiros.

2.3. A desamortización en Galicia.

En Galicia, a desamortización tivo unhas características especiais debido ao **mantemento do sistema foral** que implicaba unha pluralidade de dominios (os campesiños posuían o dominio útil a cambio do pago dunhas rendas á nobreza e á igrexa, que posuían o dominio eminente, e á fidalguía, que exercía de intermediario entre ambos) e á peculiar organización **dos montes comunais** (propiedade comunal dos veciños de parroquias e aldeas, non dos concellos).

Esta situación **fixo que**, na aplicación das leis desamortizadoras, resultase que:

- **O que se sacou a poxa pública foi o dereito a percibir unhas rendas** e, nunha mínima proporción, a propiedade plena da terra (dos 55 millóns de reais que alcanzaron as poxas desamortizadoras, case 51 correspondían a rendas forais e 4 a bens de pleno dominio).
- Tivo **escasa importancia a desamortización dos propios**, debido ao **reducido patrimonio dos concellos galegos**.
- **Non se alterou a organización agraria tradicional** procedente do Antigo Réxime, **nin** se estableceu **a propiedade** plena da terra en mans dun posuidor individual. **Os compradores dos bens desamortizados convertéronse en rendeiros** sen posibilidade de intervir no proceso de produción agraria e a **explotación permaneceu estancada**. Tamén **se mantiveron os montes comunais** en mans dos veciños.
- **Os campesiños conservaron os seus dereitos sobre a terra**. Accedendo á propiedade da mesma durante a ditadura de Primo de Rivera coa Lei de redención de foros de 1926.

28. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.

3.2. Factores do atraso da industrialización

Na España do século XIX, as **transformacións do sector secundario foron moi importantes, aínda que** lonxe dos países que se industrializaron plenamente, de xeito que **a principios do século XX, a economía española seguía sendo principalmente agraria**, incapaz de competir no mercado internacional, cunha **participación da industria na renda nacional que non superaba un quinto do total**.

Para comprender **por que España quedou atrasada** no proceso industrializador europeo débense ter en conta unha serie de **factores**.

- Ab **escasa capacidade de compra** da maioría dos consumidores españois, que significou unha **demandas insuficiente**. Esta falta de demanda supuxo, ó mesmo tempo, custos máis elevados e pouco estímulo á competitividade.
- **A escaseza de fontes de enerxía** pola mala calidade do carbón mineral, o que incrementou os custos de produción.
- **A posición excéntrica de España en Europa**. O elevado custo do transporte supuxo unha desvantaxe tanto para adquirir materias primas como para comercializar o produto acabado.
- **A absorción de gran cantidade de recursos pola Facenda Pública española**. O feito de que o Estado absorbese cuantiosos recursos para así facerlles fronte ós seus gastos porque non tiña suficiente cos xuros elevou os tipos de xuro. Deste xeito, encareceuse o financiamento das empresas e desincentivouse o investimento produtivo en calquera das súas formas.

3.3. A Industria algodoeira catalana

A expansión da industria moderna iniciouse en **Cataluña co sector algodoeiro**, que desde o seu nacemento foi un sector **dedicado a producir para o mercado** e non para o autoconsumo.

A mediados do século XVIII xa existía en Cataluña unha importante **manufactura** dedicada á **produción de indianas** (tecidos de algodón vistosamente estampados). **Cara** ó ano 1780 se

empezaron a se introducir as novas **máquinas de fiar** inglesas que estaban a revolucionar a produción naquel país (spining jenny, mulé jenny).

- O **inicial crecemento** da moderna industria textil catalana produciuse **a partir de 1802** , cando se prohibiu a entrada en España de algodón fiado.
- Este crecemento viuse **freado entre 1808 e 1830** pola desarticulación dos mercados durante a **Guerra da Independencia** (1808-1814) e coa **emancipación das colonias** (1810-1824) e a interrupción do comercio colonial.
- O **ritmo expansivo** da produción restableceuse con rapidez **a partir do ano 1830** , e durante os decenios seguintes, como o demostra o crecemento na importación de materia prima, síntoma de que o principal destino da produción era o **mercado interno**. A partir do ano 1833 a **mecanización** coñeceu un bo pulo coa instalación da primeira máquina de vapor , máis rápida na **fiadura** que no tecido. A mecaniación foi estimulada **pola escaseza relativa de man de obra** (derivada da incorporación ó mercado laboral das xeracións menos numerosas nadas durante a Guerra da Independencia, o que fixo aumentar o custo do traballo) e o **abaratamento relativo do capital**. Esta mecanización supuxo unha notable diminución dos custos de produción e tamén dos prezos de venda, o cal estimulou unha maior demanda.
- Esta fase do **crecemento** do sector textil só se viu **interrompida durante a Guerra de Secesión dos Estados Unidos (1861-1865)** por mor das dificultades para se fornecer de materias primas (*fame de algodón*).
- Pero **a partir de 1874** iniciouse unha **nova fase expansiva** que veu marcada pola **mecanización do tecido**.

Desde **mediados de século**, o **algodón** xa dominaba o textil español, representando **algo máis do 60% do total** do sector. Esta moderna produción algodoeira **desprazou**, pola súa maior calidade e menor prezo, **á tradicional industria textil dispersa por España** (incluída a industria de panos de liño en Galicia). De todos os xeitos, aínda que o pulo do sector algodoeiro **industrializou Cataluña**, foi **insuficiente para arrastrar ó conxunto da economía** e dar paso a un proceso de industrialización xeneralizado en toda **España**.

3.4. A Industria siderúrxica

A siderurxia foi o sector que estimulou o desenvolvemento da industria moderna **tomándolle o relevo ó sector algodoeiro**. Biscaia posuía importantes minas de ferro de calidade para producir aceiro en convertedores Bessemer e converteuse nun gran exportador de mineral, fundamentalmente a Inglaterra. A escaseza de carbón mineral, a dificultade para importalo e a mala calidade do autóctono, a meirande parte en Asturias, foi a causa principal do **fracaso das primeiras instalacións siderúrxicas**.

3.4.1. Os comezos da siderurxia

- Os primeiros intentos de crear unha siderurxia moderna desenvolvéronse en **Málaga**, onde no ano **1826**, Manuel Agustín Heredia, un grande exportador de vinos e aceites, instalou unha siderurxia moderna explotando o ferro de Oxén, preto de Marbella, coa que conseguiu dominar a produción durante 30 anos. Esta primeira tentativa **fracasou** pola dificultade para adquirir carbón de coque e **polo uso de carbóns vexetais**, o que supuxo uns elevados custos de produción, a perda de competitividade e o **declive** da siderurxia malagueña **na segunda metade do século XIX**.
- O feito de que para a obtención dunha tonelada de ferro laminado se precisaran sete de hulla por tres de mineral de ferro, favoreceu a localización das siderurxias preto dos depósitos de hulla en **Asturias**, medrando con rapidez a súa produción e convertendo a esta rexión no **centro siderúrxico** de España **entre 1864 e 1879**.

- Pero, **a partir do ano 1876**, a chegada de **coque galés** máis barato a Bilbao, como contrapartida da exportación de mineral de ferro, conduciu á consolidación da siderurxia en Biscaia. Este feito significou a perda de competitividade das empresas asturianas con custos moi superiores polo uso do coque de escasa calidade obtido a partir de hulla autóctona. A **produción de ferro de Biscaia** que, entre os anos 1861 e 1879 era un 20 % do total nacional, pasou a representar case **2/3 do producido en España cara 1885**.

3.4.2. A siderurxia biscaíña

Entre xullo de 1879 e decembro de 1882 constituíronse en Biscaia as **tres grandes empresas siderúrxicas** españolas do século XIX : San Francisco, Altos Hornos y Fábricas de Hierro y Acero e La Vizcaya.

San Francisco converteuse, en só un ano, na empresa siderúrxica máis importante de España. En 1884, a súa produción de arrabio representaba máis da metade do total.

En 1885, Altos Hornos obtivo o primeiro lingote Bessemer fabricado en España e, a finais da década puxo en marcha o primeiro forno Martín-Siemens.

A consolidación do **eixe comercial entre Bilbao e Cardiff**, baseado na exportación de mineral de ferro a Inglaterra e a importación de carbón gales no frete de volta para os altos fornos vascos permitiu reducir os custes do transporte en ambas direccións.

A influencia deste eixe comercial foi apreciable tamén en Cantabria, onde se constituíu, en 1899, Nueva Montaña S.A., que predeu os seus fornos para a produción de lingote de ferro en 1903. Con ela, esa rexión pasaría a ser a terceira zona produtora española. **En 1902**, a fusión de Altos Hornos, La Vizcaya e La Iberia deu lugar á **Sociedade Anónima Altos Hornos de Vizcaya**, a empresa siderúrxica española máis importante durante gran parte do século XX.

3.4.3. A diversificación industrial vasca

Un dos trazos máis salientables da industrialización vasca foi, precisamente, a **diversificación** da súa industria. Os beneficios das exportacións de mineral e a supremacía tecnolóxica do convertedor Bessemer conduciron ó desenvolvemento dunha importante **industria de bens de equipo, de construcións mecánicas e de construción naval**, ademais dun entramado de **sociedades industriais** diversas como compañías navais, de **seguros, químicas e eléctricas** (desde comezos do século XX) que contaron co apoio financeiro dun **importante sector bancario**, representado fundamentalmente polo **Banco de Bilbao** e polo **Banco de Vizcaya**. O que contribuíu á formación dunha sólida base industrial e financeira que conseguiu fortes ramificacións no resto de España.

3.5. A difusión da industria en España.

Xunto ós dous núcleos industriais tradicionais, Cataluña e o País Vasco, a industria difundíuse por zonas máis amplas do territorio español. Se ben na maior parte do territorio español predominaron as **actividades industriais tradicionais** destinadas a cubrir as necesidades inmediatas da poboación, as vinculadas á **alimentación** (fariña, aceite, conservas, vino...) e ó **vestido** (calzado). Entre o resto de sectores industriais tradicionais cabe citar a industria papeleira, e a da cerámica e o vidro. **Madrid** participou intensamente neste proceso de expansión ata se converter na **terceira rexión industrial española**, en boa medida, por ser a capital e sede da Administración Central, o que atraeu a moitas empresas, tanto españolas como estranxeiras. Ademais, o desenvolvemento da súa industria é inseparable dun forte crecemento demográfico, que favoreceu a demanda de bens de consumo.

3.6. A expansión mineira

A expansión da produción mineira, ademais do carbón e do ferro, explícase por tres factores.

- O **aumento da demanda internacional** de minerais metálicos derivada das innovacións e novos sectores da Segunda Revolución industrial.
- Os **avances nas técnicas de explotación** que abarataron os custos de extracción.
- O **crónico endebedamento da Facenda española**, que impulsou a concesión da explotación dos depósitos (e nalgúns casos a súa propiedade) a **compañías estranxeiras**,

sobre todo francesas e inglesas, baseándose na nova **Lei ou Decreto de Bases da mineira de 1868** (coñecida como "desamortización do subsolo") que supuxounha ampla liberalización da explotación dos depósitos. O caso máis evidente desta cesión a compañías estranxeiras é o das minas de mercurio de Almadén que o Estado ofreceu á compañía Rothschild a cambio de apreciables cantidades de diñeiro que foron utilizadas para paliar a insuficiencia crónica de ingresos da Facenda Pública.

Con todo, a extracción de todos estes minerais non transformou de modo significativo a economía destas rexións. Os **escasos efectos de arrastre** do desenvolvemento mineiro vinculáronse á **forte presenza de compañías estranxeiras entre as concesionarias**, xa que en España, non existía demanda interna suficiente para absorber a produción nin tampouco grupos empresariais autóctonos capaces de acometer a explotación dos depósitos mineiros.

Como consecuencia o número de concesións para explotar os depósitos medrou de forma espectacular desde 1870. Foron importantes os depósitos de **chumbo** no sur peninsular (Linares, A Carolina), os de **cobre** de Riotinto (Huelva), que chegaron a encabezar a produción mundial de mineral, os de **mercurio** de Almadén (Cidade Real) e os de **cinc** de Reocín (Cantabria). A **meirande parte** da cantidade extraída foi **exportada** e, **entre** os anos **1899 e 1908**, supuxeron case **un terzo do total das exportacións**.

4. O papel do ferrocarril

O primeiro trazado ferroviario español foi inaugurado en 1848 para unir Barcelona con Mataró pero a construción dunha rede ampla tivo que agardar á **Lei Xeral de Ferrocarrís, de xuño de 1855** que **abriu unha etapa de intensa construción**:

- Tendéronse uns **4.500 km** entre os anos **1856 e 1865**.
- A **crise financeira de 1866** provocou o afundimento das accións do ferrocarril na Bolsa. Iniciouse daquela unha **fase de paralización** das construcións.
- A construción reanudouse no período **1876-1885** co tendido de aproximadamente **3.000 km de vía**, que continuou nas primeiras décadas do século XX.

A miúdo se planificaron **os trazados máis en función da subvención** que ofrecía o Estado as compañías construtoras por Km máis **que da viabilidade económica** da propia liña. Por outra banda, os grandes investimentos que requiría a construción do ferrocarril **favoreceron a entrada de capitais estranxeiros, especialmente franceses**. Das catro grandes compañías ferroviarias existentes no ano 1869 en España, dúas eran de capital exclusivamente francés, a terceira tinao nun 90% e só nunha delas había unha importante presenza de capital español.

4.1. As limitacións da construción

Alguns dos aspectos da lei Xeral de Ferrocarrís condicionaron a historia económica de España dos cen anos seguintes.

- En primeiro lugar, consolidouse a **estrutura radial** da rede ferroviaria española con centro en Madrid polo desexo de **consolidar un Estado centralizado**, articulado a partir da capital.
- Un segundo aspecto controvertido foi o **ancho entre carrís, maior** que a de case a totalidade das liñas europeas. O ancho de vía distinto ó europeo dificultou os intercambios por ferrocarril co resto de Europa pois obrigaba a transbordar as mercaderías na fronteira, co conseguinte aumento de custos e de tempo. Os motivos desta decisión resultaron de carácter técnico, xa que se pretendía instalar caldeiras de vapor máis grandes e aumentar a potencia das locomotoras para superar maiores pendentes.
- O aspecto máis controvertido da lei foi a **autorización**, concedida ás compañías ata 1887, **para importar, libres de aranceis, todos os materiais utilizados na construción**.

4.2. Ferrocarrís e industrialización

Esta franquía arancelaria á importación de materiais foi considerada unha das razóns principais para defender que a construción da rede ferroviaria en España foi unha oportunidade perdida para a

industrialización, pero a realidade é que a industria española non estaba en condicións de incrementar a súa produción ó ritmo necesario para fornecer ás compañías construtoras do ferrocarril. A siderurxia era moi modesta e a industria de construción de maquinaria non existía. Por outro lado, de se ter construído a rede máis a modo, a economía teríase colapsado porque as mercadorías transportadas por ferrocarril terían que ter sido trasladadas ás costas dos animais.

Deste xeito, e **malia todas as limitacións e despropósitos da construción, o ferrocarril tivo efectos positivos para a economía española.** A rede ferroviaria **facilitou o intercambio de persoas e mercadorías entre as distintas rexións de España.** Tamén resultou fundamental no **transporte de viño e minerais para a súa exportación** e contribuíu á **articulación dun mercado interior**, especialmente **de cereais e tecidos.** De todos os xeitos o escaso desenvolvemento industrial de moitas rexións españolas e o feito de que, en moitas delas, predominase unha economía agrícola con poucos intercambios, motivou que o volume de mercadorías transportado fose escaso e, con iso, tamén o fosen os beneficios dos promotores ferroviarios.

29. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).

1. Antecedentes. O movemento obreiro na primeira metade do século XIX.

1.1. As orixes da clase obreira e as primeiras manifestacións de protesta.

A orixe da clase obreira está vinculado ó proceso de industrialización que se produciu no noso país ó longo do século XIX. Na primeira metade do século XIX o seu número era aínda moi reducido, uns 150.000 obreiros, dos que preto de 100.000 traballaban na industria textil catalana.

Esta primeira fase da industrialización caracterízase pola ausencia de calquera lexislación, regulación ou limitación. As xornadas laborais eran de 12 a 14 horas en establecementos escuros, húmidos e mal ventilados; os salarios eran moi reducidos; o ritmo do traballo, marcábo a máquina e estaba sometido a unha férrea disciplina laboral; mulleres e nenos, a partir dos sete anos, eran a miúdo empregados nas fábricas, cobrando salarios moi inferiores ós dos homes...

As condicións de vida eran moi deficientes en barrios amoreados e degradados que carecían de servizos de iluminación e de limpeza, de cloacas....

As primeiras manifestacións de protesta obreira producíronse a partir da **década do ano 1830** e tiveron un carácter de **reacción** contra a mecanización, de tipo **ludista**. En 1821 os artesáns queimaron os teares mecánicos en Alcoy, aínda que o incidente máis relevante foi o **incendio da fábrica Bonaplata de Barcelona en 1835**, a primeira na que funcionou un vapor.

Os traballadores comprenderon moi axiña que o problema non eran ás máquinas senón o desigual reparto de salario e beneficio e que o único recurso que tiñan para regular as relacións laborais era a unidade de acción e a paralización da produción mediante a **folga**, xurdindo os primeiros embrións do asociacionismo obreiro, en 1834 asociación de teceláns de Barcelona, que culminará na década seguinte coa aparición dos primeiros sindicatos.

1.2. Os comezos do sindicalismo

No ano **1840** naceu **en Barcelona o primeiro sindicato de España, a Sociedade de Teceláns** ó abeiro dunha lei que permitía a fundación de asociacións mutualistas e cooperativas. Estes primeiros **sindicatos** agrupaban ós traballadores por **oficios** para conseguir mellores condicións laborais e salariais, e funcionaban como Sociedades de Protección Mutua, cunha **caixa de resistencia** (coas cotas dos afiliados) destinada a pagar o xornal en caso de enfermidade, despedimento ou folga. Tiveron certo desenvolvemento ó longo da década dos corenta malia a oposición dos empresarios e das autoridades gobernativas, que prohibiron as asociacións obreiras.

1.3. A expansión do obreirismo

No **Bienio Progresista**, froito da maior tolerancia dos gobernos progresistas e unha desfavorable coxuntura económica, o obreirismo expandiuse cara outras zonas de España. É o **comezo do sindicalismo de clase**, ó mesmo tempo que se consolidou a **folga como o instrumento** máis eficaz de defensa das **reivindicacións obreiras**. Deste xeito, tivo lugar **en 1855, en Barcelona, a primeira folga xeral** para protestar pola introdución dunhas novas máquinas fiadoras, as

selfactinas, que foi duramente reprimida polo goberno que prohibiu o asociacionismo, declarou o estado de sitio e executou a un dos líderes obreiros. A represión da folga xerou un movemento de solidariedade que reivindicaba a liberdade de asociación, o establecemento dun horario fixo de traballo e a formación dunha comisión mixta de obreiros e patróns para resolver os conflitos laborais.

2. O movemento obreiro no Sexenio Democrático.

2.1. A chegada do internacionalismo (1868-1874)

2.1.1. Utopismo e republicanismo

A través de Cádiz difundíuse o pensamento dalgúns socialistas utópicos como Saint-Simon, Cabet e Fourier. Desde Andalucía, o socialismo chegou a Madrid e xurdiron varios núcleos en Barcelona. Con todo, nos anos posteriores á revolución de 1868, tivo maior difusión o republicanismo federal que defendía a descentralización do Estado e un reformismo social que implicase unha mellora das condicións laborais. A non satisfacción dunha boa parte das súas reivindicacións conduciron a importantes sectores do obreirismo cara a ideoloxías internacionalistas (anarquismo e socialismo).

2.1.2. A Internacional en España

A liberdade de asociación no Sexenio Democrático (1868-74) favoreceu a expansión do movemento obreiro organizado. Chegaron a España as ideas socialistas e anarquistas e se formaron os primeiros núcleos vinculados á Primeira Internacional (AIT). **Giuseppe Fanelli**, enviado polo dirixente **anarquista** Bakunin, en outubro do ano 1868, viaxou a Madrid e a Barcelona onde **creou os primeiros núcleos afiliados á AIT** e difundiu os ideais bakunistas (supresión do Estado, colectivización, apoliticismo, etc.) como se fosen os da AIT, o que axudou ó espallamento e arraigamento das ideas anarquistas entre o proletariado catalán e os campesinos andaluces.

No ano **1870** tivo lugar o Congreso de **Barcelona**, onde se **fundou a Federación Rexional Española (FRE) da AIT** e se aprobou o recurso á folga como medio de acción e o apoliticismo. A dirección quedou nas mans dun Congreso Federal, con sede en Madrid e despois en Alcoi. No ano 1873 acadou o seu número máximo de afiliados, preto de 40.000, agrupados en máis de dúascentas federacións locais. Cataluña contaba co número maior de afiliados pero tamén existían núcleos importantes en Valencia (Alcoi), Andalucía (Carmona, Xerez, Málaga) e Castela (Madrid, Valladolid)

2.1.3. Crise e escisión na Federación Rexional

A difusión das teorías marxistas en España veu da man de **Paul Lafargue**, xenro de Marx, que se instalou en Madrid a partir do ano 1871, e impulsou o grupo de internacionalistas madrileños, integrado por Francisco Mora, José Mesa e Pablo Iglesias, máis favorables ás posicións marxistas que ás bakunistas predominantes na FRE. O ano **1872** este grupo sería expulsado da FRE e fundaría a **Nova Federación Madrileña**, de carácter netamente **marxista**. O núcleo marxista escindido foi minoritario.

O internacionalismo tivo o seu momento álxido **durante a Primeira República** cando diversos grupos de **anarquistas** adoptaron unha **posición insurreccional** coa esperanza de provocaren a revolución e o derrubamento do Estado, apoiando o cantonalismo no que vían a oportunidade de levar a cabo a revolución social. Tras o **fracaso destes levantamentos**, a **Internacional** comezou a perder forza, pero o seu **declive** definitivo produciríase **a partir do ano 1874**, cando o novo Réxime da **Restauración** a declarou ilegal, obrigándoa a organizarse **na clandestinidade**.

3. O movemento obreiro na Restauración.

3.1. Anarquistas e socialistas (1874-1898)

Coa Restauración, as organizacións obreiras coñeceron unha dura represión e víronse forzadas á clandestinidade. No ano 1881, cos liberais de Sagasta no goberno, volveron á legalidade e a espallarse.

3.1.1 As correntes anarquistas

No ano **1881**, a FRE, de tendencia bakunista, mudou o seu nome polo de **Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE)** porque a nova lexislación prohibía as organizacións

de carácter internacional e dirixidas desde o estranxeiro. Tivo a súa maior implantación en **Andalucía e Cataluña**. Unha parte do **movemento anarquista** optou pola "**acción directa**", atentados contra os piares básicos do capitalismo: o Estado, a burguesía e a Igrexa. Na **etapa 1893-97** levan a cabo atentados contra personaxes claves da vida política da Restauración (Cánovas ou Martínez Campos), entidades da sociedade burguesa (bomba no Liceo de Barcelona) ou contra a Igrexa (atentado na procesión do Corpus). Os **atentados** foron **seguidos dunha dinámica de acción/represión/acción** que culmina en **1897** cos **procesos de Montjuïc** (Barcelona), nos que son executados cinco anarquistas (o asasinato de Cánovas será a resposta), e coa **división do anarquismo entre** os partidarios da acción directa (**anarco-terrorismo**) e a orientación **anarco-sindicalista**, partidaria da acción de masas, con máis forza en Cataluña, que da prioridade á fundación de organizacións de carácter sindical, que dará os seus froitos a comezos do século XX coa creación de Solidariedade Obreira (1907) e da CNT (1910), en resposta á semana trágica de Barcelona.

3.1.2. As organizacións socialistas

A **Nova Federación Madrileña**, de carácter **marxista**, transformouse no ano **1879** na **Agrupación Socialista Madrileña**, fundada por **Pablo Iglesias**, núcleo orixinario do **Partido Socialista Obreiro Español**. En **1888** impulsa a creación dun sindicato socialista, a **Unión Xeral de Traballadores** que terá en Madrid, Biscaia e Asturias as súas zonas de maior influencia.




O **PSOE** definíase como un **partido marxista**, de orientación netamente **obreirista** e partidario da **revolución social**. Presentaba tamén un programa de reformas que incluían o dereito de asociación, reunión e manifestación, o sufraxio universal, a redución das horas de traballo, a prohibición do traballo infantil e outras medidas de carácter social. O partido **afiliouse á Segunda Internacional**, participou na celebración do **Primeiro de Maio do ano 1890**, protagonizou algunhas grandes folgas en Biscaia e conseguiu ter concelleiros nalgúns concellos, e, en 1910, obtivo o seu primeiro deputado nas Cortes (Pablo Iglesias).

A **UXT** respondía ó modelo de **sindicato de masas** que abranguía a todos os sectores da produción e se organizaba en seccións de oficios. Defendeu a **negociación colectiva** entre obreiros e patróns así como o recurso á **folga**. Aínda que se declarou apolítico para aumentar o número de afiliados, tanto a directiva como os afiliados estaban estreitamente **vencellados ao PSOE**.

3.1.3. Reformismo e cuestión social

Cara ó ano 1880, as **duras condicións de vida e de traballo** da meirande parte da **clase obreira** e a masiva utilización da forza de traballo feminina e infantil, así como a crecente **presión obreira**, comezaron a concienciar a algúns sectores do liberalismo da conveniencia de que o Estado exercese unha acción compensatoria, e regulase e tutelase as relacións económicas e laborais, dando lugar a un **incipiente reformismo social** coa creación **Comisión de Reformas Sociais**, no ano **1883**, para informar sobre a condición obreira, e tamén coa promulgación dunha **tímida lexislación regulación das condicións de traballo**. No ano 1878, aprobouse a regulación dos traballos perigosos para os nenos, a creación de asilos para eivados de traballo e a construción de barrios para obreiros. Sen embargo, moitas desta regulacións non verían a luz ata as primeiras décadas do novo século.

AGRICULTURA	Consolidación da propiedade privada da terra				Crise cerealística	
	Desamortización eclesiástica		Desamortización civil		Expansión da filoxera	
	● 1837 Inicio da reforma agraria liberal				● 1868 Lei de minas	
MINARÍA						Auxe da explotación mineira
FERROCARRIL	Expansión do trazado				Crise financeira	2ª etapa construtora
	● 1848 Ferrocarril Barcelona-Mataró		● 1855 Lei de construción do ferrocarril			
SIDERURXIA	● 1826 1ª siderurxia moderna		Supremacía en Asturias		Hexemonía en Biscaia	
	Inicio da siderurxia moderna en Málaga				● 1876 Chegada de carbón galés	● 1885 1º convertedor Bessemer
	1820	1830	1840	1850	1860	1870
TÉXTIL	● 1833 1ª máquina de vapor		Fame de algodón		Auxe das colonias industriais	
	Mecanización do fiado		Mecanización da tecedura		Auxe de Cuba como mercado	
COMERCIO EXTERIOR	Perda do mercado colonial		Avance do librecambio		Avance do proteccionismo	
	Crecemento modesto das exportacións		Aumento das exportacións			
FINANZAS	● 1829 Banco de San Fernando		● 1845 Reforma da Facenda		● 1856 Lei de Bancos. Banco de España	● 1868 Creación da peseta
					● 1874 O Banco de España obtén o monopolio de emisión de billetes	
	Permanente endeudamento do Estado					




Etapas da reforma agraria	Terras de señorío e vinculadas	Terras comunais	Desamortización de señoríos eclesiásticos
Cortes de Cádiz (1810-1814)	Lei abolición do réxime de señorías. Lei de desvinculación.	Lei de reparticións propias e comúns.	Lei que incorpora ao Estado os bens dos mosteiros e conventos disoltos polas Cortes.
Trienio Liberal (1820-1823)	Reposición da Lei de desvinculación e disolución de señoríos.	Cerrado de predios.	Lei que incorpora ao Estado os bens das ordes relixiosas disoltas polo invasor.
Rexencias (1834-1843)	Restablecemento das leis de 1820-1823.	Decreto que converte en propiedade particular as terras ermas.	Disolución das ordes relixiosas. Lei de Bens Nacionais.
Década moderada (1843-1854)	—	Real Orde que legaliza vendas e ocupacións.	Lei que restrinxa a venda de bens nacionais.
Bienio progresista (1854-1856)	—	Lei de desamortización xeral.	—

Las leyes desamortizadoras


Desamortización civil	Desamortización eclesiástica
<i>Señoríos</i> <i>Bienes municipales</i> A) Cortes de Cádiz (1810-1814) 6-VIII-1811 4-I-1813 Ley aboliendo derechos jurisdiccionales Ley repartiendo propios y comunes 8-VI-1813 Cerramiento de fincas B) Trienio liberal (1820-1823) 11-XII-1820 29-VI-1822 Ley de desvinculación Decreto convirtiendo en propiedad particular baldíos y realengos C) Período progresista (1835-1843) 30-VIII-1836 6-III-1834 Restablece Ley 1820 R. O. legalizando ventas y ocupaciones 18-V-1837 R. O. en el mismo sentido D) Década moderada (1843-1845) E) Bienio progresista (1854-1856) Ley desamortizadora general 1-V-1855 (Suspendida 14-IX-1856) F) Gobiernos moderados (1856-1860) 2-X-1858 24-VIII-1860 Ley poniendo en vigor la de 1-V-1855 a los efectos de la desamortización de los bienes municipales Fin de las prórrogas concedidas para legalizar las ocupaciones del suelo	17-VI-1812 Ley incorporando al Estado los bienes de las órdenes religiosas disueltas por el invasor 25-X-1820 Ley incorporando al Estado los bienes de los monasterios y conventos disueltos por las Cortes 11-X-1835 Disolución de las órdenes religiosas 29-VII-1837 Ley de Bienes Nacionales 2-IX-1841 Ley refundiendo las anteriores 9-IV-1845 Ley restringiendo la venta de los Bienes Nacionales. Concordato de 16-III-1851 4-IV-1860 Reanudación de las ventas de acuerdo con la Iglesia

(Según J. Vicens Vives: Historia Económica de España. Barcelona. 1969. 7.ª ed.)


VALOR DAS DESAMORTIZACIÓNS




CONTRIBUCIÓN DA AGRICULTURA AO PROCESO DE INDUSTRIALIZACIÓN




A MECANIZACIÓN DO SECTOR ALGODOEIRO (1835-1861)




IMPORTACIÓN DE ALGODÓN EN RAMA (1830-99)




DISTRIBUCIÓN DA INDUSTRIA ESPAÑOLA EN 1900




DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DA INDUSTRIA EN 1900



PRODUCCIÓN E EXPORTACIÓN DE FERRO



A MINARÍA NO SÉCULO XIX



TRAMO DE FERROCARRIL CONSTRUÍDO

- ata o ano 1855
- ata o ano 1865
- ata o ano 1885
- ata o ano 1900

```
graph TD; subgraph "EFECTOS DA SÚA CONSTRUCCIÓN"; A[▲ demanda de produtos siderúrgicos] --> B[▲ produción siderúrgica]; B --> C[▲ extracción de mineral de ferro e carbón]; C --> D[▲ emprego na industria]; end; subgraph "EFECTOS DO SEU FUNCIONAMENTO"; E[▼ custo e tempo de transporte] --> F[▲ capacidade]; F --> G[▼ prezos]; G --> H[▲ intercambios]; H --> I[▲ mobilidade da man de obra]; I --> J[▲ especialización rexional do traballo]; end; D --> J; K[▲ demanda de produtos de consumo] --> J;
```

EFECTOS DA SÚA CONSTRUCCIÓN

- ▲ demanda de produtos siderúrgicos
- ▲ produción siderúrgica
- ▲ extracción de mineral de ferro e carbón
- ▲ emprego na industria

EFECTOS DO SEU FUNCIONAMENTO

- ▼ custo e tempo de transporte
- ▲ capacidade
- ▼ prezos
- ▲ intercambios
- ▲ mobilidade da man de obra
- ▲ especialización rexional do traballo

▲ demanda de produtos de consumo

INICIOS DO SINDICALISMO				DIFUSIÓN INTERNACIONALISMO	ANARQUISMO E SOCIALISMO		
1830-1839	1840-1849	1850-1859	1860-1869	1870-1879	1880-1889	1890-1899	
1835 Incendio da fábrica Bonaplata 1839 Conflitos laborais en Granada 1840 Creación do primeiro sindicato: Sociedade de Teceláns de Barcelona 1842 Conflitos laborais en Madrid 1843 Conflitos laborais en Valencia		1855 Primeira folga xeral en España 1857 Folga en Alcoi	1857 Levantamentos campestiños en Andalucía, Castela e Aragón	1868 Chegada da AIT a España 1870 Federación Rexional Española da AIT 1872 Nova Federación Madrileña (socialista)	1878 Primeiras leis laborais 1879 Agrupación socialista madrileña. Orixe do PSOE 1881 Creación da FTRE (anarquista) 1883 Comisión de Reformas Sociais 1888 Fundación da UGT	1897 Procesos de Montjuic	

